

Pontevedra, 14 de febreiro de 2024

Ao meu compañeiro Rubi:


Hai dezaioito anos, cando eu nin sequera nacera, contáronme os avós que estando eles na horta da casa escoitaron uns xemidos que procedían dunha caixa de cartón que se atopaba nunha das entradas da casa. Nun primeiro momento pensaban que eran os gatos do veciño, pero aqueles xemidos convertéronse en pequenos ladridos que chamaron a súa atención. Con moita desconfianza achegáronse á caixa, o día non acompañaba, chovía moito e había moito frío, polo que o avó rapidamente e sen esperar máis tempo abriuna. Ao seu carón atopábase a avoa con cara de asombro porque no seu interior había un pequeno canciño regordete de orellas e ollos grandes e moito pelo. Como xa comezaba a anoitecer os avós non dubidaron en axudarche, así que che prepararon unha pequena cama e algo de comida. A avoa sempre conta que eras tan cariñoso que era imposible non adoptarte. Esa mesma noite os avós ían ver a serie de televisión dos domingos na que o protagonista principal era un actor que levaba de nome Rubi, por iso decidiron poñerche ese nome.

O principio non foi doado porque eras moi traste, non tiñas parada, mordías todo e xogabas con toda clase de bichos que ías atopando pola horta; ata coas abellas, que atrevido! O avó ensinouche a ser un can gardián, facíache correr moito para que pola noite os deixases durmir. A avoa dicía que tiñas unha gran calidade, o olfacto. Ulías o rastro da xente a quilómetros de distancia e vías as cousas pequenas dende lonxe. Conquistaches os corazóns de toda a familia. Recordo cando te tombabas no chan para que che fixese cóxegas e a cambio me respondías con lambetadas na cara. O meu momento preferido do día era cando te paseaba polo parque, ás veces facíaste o forte cos cans máis grandes, gustábache chamar a atención e ao final sempre conseguías que xogasen contigo.

Un día a veciña da avoa foi visitala. Non ía soa, ía acompañada da súa cadela Maia. Era pequena coma ti, Rubi, tiña moito pelo de cor branco e levábao recollido en dúas coletas; tamén tiña unha forma de camiñar moi peculiar, coma se fose bailando. Era moi presumida. Ao vela non parabas de olfacteala e de mover a cola. Estabas moi contento. Esa noite desapareciches. Estabamos moi preocupados. Mais non marcharas moi lonxe, atopámoste preto da casa onde vivía a cadela Maia, de aí que ao cabo duns meses nacesen canciños. Todos os veciños dos avós quixeron adoptalos. Es tan especial que conseguiches conquistar a toda a aldea, incluso á cadeliña Maia que era moi presumida.

Hai dúas semanas deixáchesnos. Tiñas dezaioito anos. Sempre te terei nos meus recordos porque sempre me sacabas un sorriso.

Esteas onde esteas nunca me esqueceréi de ti,



Varo.